

CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN- 2 PRAZAS
AXUDA

Referencia: Convenio I+D+I, Xunta de Galicia- UDC			
Título: Convenio coa Consellaría de Cultura para o financiamento de diferentes actuacións estratéxicas de I+D+I en materia de investigación universitaria			
CENTRO: Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia			
OBJECTO DO CONTRATO: Colaboración nas tarefas do convenio que se indica no referido ao apoio e reforzo en actividades de promoción da ciencia excelente, así como xestión e promoción de proxectos europeos.			
LUGAR E HORARIO: VPCIT-OTRI, horario de 7:45 h a 15:15 h			
GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: Grupo I			
CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 17 DE NOVEMBRO DE 2014 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO CON CARGO AO CAPÍTULO VI DOS ORZAMENTOS DA UDC)			
Investigador asociado <input type="checkbox"/>		* Investigador en formación <input type="checkbox"/> * Require matrícula programa doutoramento	
SUG			
Técnico de apoio á investigación <input type="checkbox"/>		Axudante de apoio á investigación <input type="checkbox"/>	
Técnico administrativo <input checked="" type="checkbox"/>		Axudante administrativo <input type="checkbox"/>	
XORNADA	Tempo Completo: <input checked="" type="checkbox"/>	Tempo Parcial: <input type="checkbox"/>	
DURACIÓN	Ata o 30 de novembro de 2022	DATA APROX. DE INICIO	16/07/2021
RETRIBUCIÓN BRUTAS: 2.422 € brutos brutos/ mes			
PARTIDA ORZAMENTARIA: 050544B100 541A 6400000			

* O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensualidade a parte proporcional de paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS

TITULACIÓN: Titulación universitaria superior recoñecida en España.
EXPERIENCIA: Ver memoria da convocatoria
REQUISITOS: Deben terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: A través do correo electrónico otri.direccion@udc.es
PRAZO: 10 días hábiles desde a publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica da UDC

ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

ÓRGANO: Salvador Naya Fernández; José Mahía Saavedra; Pilar Pintor Vázquez.
LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: páxina web otri.udc.es

A Coruña, 2 de xuño de 2021
O/A INVESTIGADOR/A PRINCIPAL

Asdo.: Salvador Naya Fernández

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia D.N.I.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

*Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG

Código Seguro De Verificación	ANUTufSSBR0vY7Tb9igdDQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Política Científica, Investigación e Transferencia - Salvador Naya Fernández	Asinado	03/06/2021 10:11:08
Observacións		Páxina	1/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/ANUTufSSBR0vY7Tb9igdDQ==		



MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

A Universidade da Coruña ten asinado un convenio coa Consellaría de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, cunha duración ata o 31 de decembro de 2022. Un dos obxectivos deste convenio consiste no fortalecemento dos servizos de Investigación e Innovación da UDC a través de diferentes actuacións que se centrarán, entre outras, na captación de fondos internacionais, captación de talento e ciencia excelente, implementación do logo europeo HR4SR, coordinación de proxectos interdisciplinares e tracción de proxectos estratéxicos.

Para o desenvolvemento destas accións contéplase a contratación de persoal de apoio, con carácter temporal, sen que esta contratación supoña en ningún caso acceso ao sistema de emprego público e para o desenvolvemento exclusivo das actividades recollidas neste convenio.

O obxecto desta convocatoria é a contratación de **DOUS técnicos de apoio á captación de talento** que desenvolverán as súas funcións de apoio de acordo co establecido no convenio anteriormente mencionado. A necesidade desta contratación temporal ven xustificada polo pulo que se quere dar desde a UDC á presentación de propostas en convocatorias ciencia excelente nacionais e internacionais e á incorporación nos próximos meses de persoal investigador excelente para reforzas os centros de investigación e os campus de especialización da UDC. En calquera caso, as contratacións terán unha duración limitada ao tempo necesario para o desenvolvemento das actividades de apoio aquí descritas.

As tarefas do novo persoal contratado serán as relativas ao desenvolvemento do convenio mencionado, en concreto en actividades relativas á acción 5 do devandito convenio: **OUTRAS ACCIÓNS CON FOCO ESPECÍFICO DE ALTO IMPACTO E INTERESE NA I+D+I**, e máis especificamente nos obxectivos 2: **CIENCIA EXCELENTE E CAPTACIÓN DE TALENTO** e 4: **COORDINACIÓN DE PROXECTOS INTERDISCIPLINARES E COLABORACION CO TECIDO PRODUTIVO** desta acción. As actividades incluírán o apoio na xestión de actividades dos programas de captación de talento, nomeadamente o programa propio da UDC denominado “berce”; seguimento e asesoramento en convocatorias de ciencia excelente, especialmente as internacionais (*ERC grants*, accións Marie Curie, etc.) e nacionais de excelencia (Ramón y Cajal, Beatriz Galindo...); apoio aos investigadores captados neste tipo de convocatorias; asesoramento na elaboración de solicitudes a convocatorias competitivas de ciencia excelente.

Igualmente, o persoal contratado colaborará e poderá prestar apoio na promoción, xestión administrativa, económica e técnica dos proxectos internacionais xestionados na UDC.

Este posto implica dispoñibilidade para viaxar.

A partir da avaliación das candidaturas presentadas segundo os criterios de valoración de méritos que se recollen a continuación, elaborárase unha lista ordenada segundo a puntuación obtida nesta avaliación de persoas candidatas, sempre que estas acaden a puntuación mínima que se recolle nesta convocatoria. Esta lista recibirá a denominación de “Técnicos de apoio en captación de talento”. As contratacións das prazas ofertadas farase seguindo escrupulosamente a orde de prelación establecida na avaliación e recollida nesta lista. As persoas que estean na lista e non fosen contratadas inicialmente poderán ser chamadas para cubrir posibles renuncias ou baixas do persoal contratado. En calquera caso, estas substitucións terán igualmente carácter temporal co límite establecido nesta convocatoria e do propio convenio de colaboración asinado coa Xunta de Galicia.

Duración do contrato

A duración do contrato será desde a formalización do contrato ata o 30 de novembro de 2022.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia D.N.I.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG*

Código Seguro De Verificación	ANUTufSSBR0vY7Tb9iqdDQ==	Estado	Asinado	Data e hora	03/06/2021 10:11:08
Asinado Por	Vicerr. de Política Científica, Investigación e Transferencia - Salvador Naya Fernández				
Observacións		Páxina	2/4		
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/ANUTufSSBR0vY7Tb9iqdDQ==				



Documentación a presentar

As persoas interesadas deberán presentar unha solicitude na que se detallarán claramente os méritos en diferentes apartados seguindo o mesmo esquema e os conceptos indicados na seguinte táboa de valoración. Os currículos presentados noutro formato distinto ao aquí especificado non serán valorados pola comisión de avaliación.

Deberán especificar na súa solicitude os méritos para cada criterio de avaliación, as tarefas realizadas en cada posto de traballo e a duración deste. A puntuación dos méritos recollidos nos criterios de avaliación están referidos a actividades desenvolvidas a tempo completo. No caso contrario deberá acreditarse a porcentaxe de tempo de dedicación ás tarefas asociadas ao criterio de valoración.

Non se considerarán os méritos que non se detallen en cada un dos criterios de avaliación.

Xunto coa solicitude deberase de presentar copia dixital da documentación xustificativa de todos os méritos alegados. Aqueles méritos non xustificados na solicitude inicial non serán considerados.

Pasarán á fase de entrevista persoal un máximo de nove persoas candidatas, que serán as que obteñan as puntuacións máis altas no conxunto do resto de criterios. A comisión de avaliación poderá ampliar o número de persoas candidatas que pasen a esta fase de entrevista persoal por causa xustificada como renuncias doutras persoas candidatas ou excelencia dos perfís presentados.

Na entrevista avaliaranse tanto as capacidades, aptitudes e perfil da persoa candidata como o seu coñecemento das tarefas específicas a realizar no posto de traballo. Parte da entrevista será realizada en inglés.

Esixirase unha puntuación mínima para acadar a praza e para poder acceder á lista de contratación. Esta puntuación mínima establécese en 60 puntos. Naqueles casos nos que ningunha persoa candidata alcance dita puntuación, a praza quedará vacante.

As persoas seleccionadas deberán presentar nun prazo máximo de 5 días desde a resolución, a documentación acreditativa de todos os méritos alegados. A falta de acreditación ou a acreditación incompleta de méritos e requisitos suporá a exclusión definitiva do/a aspirante cuxo posto será ocupado polo/a correspondente candidato/a da listaxe de reserva.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia D.N.I.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG*

Código Seguro De Verificación	ANUTufSSBR0vY7Tb9iqdDQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Política Científica, Investigación e Transferencia - Salvador Naya Fernández	Asinado	03/06/2021 10:11:08
Observacións		Páxina	3/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/ANUTufSSBR0vY7Tb9iqdDQ==		



Cráterios e valoración de méritos

CONCEPTO		PUNTUACIÓN	MÁXIMO	
Experiencia en investigación	Grao de doutor/a	5 puntos	35 puntos	5 puntos
	Participación como investigador/a en proxectos de investigación	1 punto por ano traballado a tempo completo (só se computarán anos completos)		
Experiencia profesional	Experiencia profesional en programas de captación de talento investigador tanto internacionais, concretamente do piar de ciencia excelencia nos programas cadro da Comisión Europea, como nacionais	0,75 puntos por mes traballado	10 puntos	40 puntos
	Experiencia profesional na redacción, elaboración e revisión de proxectos de investigación para convocatorias públicas competitivas	0,25 puntos por mes traballado	10 puntos	
	Experiencia profesional en xestión, revisión e asesoramento de proxectos internacionais en órganos directamente relacionados coa Comisión Europea (NCPs, axencias europeas, secretariados técnicos, etc.). Este mérito é compatible temporalmente cos anteriores	0,25 puntos por mes traballado	10 puntos	
	Participación coma avaliador de proxectos nacionais ou internacionais de I+D+i durante, a lo menos 3 anos ou tres convocatorias distintas			
Formación	Formación de posgrao, mestrado e asistencia acreditada a cursos sobre redacción e xestión de proxectos de investigación	0,2 puntos por 10 horas	10 puntos	10 puntos
	Formación impartida sobre xestión sobre redacción e xestión de proxectos de investigación	0,2 puntos por 4 horas	10 puntos	
Coñecemento de idiomas	Coñecemento de comprensión, redacción e/ou expresión en inglés. Para xustificar este mérito deberá presentarse certificado oficial de ter acadado o nivel C1 ou equivalente.			10 puntos
Entrevista persoal	Entrevista persoal aos/ás candidatos/as con maior puntuación nos apartados anteriores. Na entrevista avaliaranse tanto as capacidades da persoa candidata para o posto, como os seus coñecementos sobre as tarefas e procedementos específicos a desenvolver no posto. Parte da entrevista será realizada en inglés.			25 puntos

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia D.N.I.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+i financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG*

Código Seguro De Verificación	ANUTufSSBR0vY7Tb9igdDQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Política Científica, Investigación e Transferencia - Salvador Naya Fernández	Asinado	03/06/2021 10:11:08
Observacións		Páxina	4/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/ANUTufSSBR0vY7Tb9igdDQ==		

